



**XORNADAS
DE MÚSICA
CONTEMPORÁNEA
2017**

**MÚSICA
[E OUTRAS
ARTES]**

7 out-25 nov
2017

Santiago de
Compostela

Zoar

SAB 4 NOV—20.30 h
Paraninfo da Universidade

Joan Ibáñez, frauta

David Villa, óboe

Antonio Suárez, clarinete

Pedro Pintos, trompa

Álex Salgueiro, fagot

Javier Ares Espiño, relator

Programa

NAS MARXES DO PENTAGRAMA, Á BEIRA DO PRATA E O MANDEO

Carlos López García-Picos (1922-2009)

*Serenata, A. 13 para quinteto de vento** (Bos Aires, 1954)

Invención, A. 63 para cuarteto de madeiras (Bos Aires, 1954 – Betanzos, 1991)

Preludio, Zarabanda e Fuga, A. 15 para cuarteto de madeiras (Bos Aires, 1955)

Scherzo, A. 17 para trío de cañas (Bos Aires, 1956)

Preludio e tema con variacións, A. 20 para quinteto de vento (Bos Aires, 1957)

Canto do arrieiro, A. 24 para quinteto de vento (Bos Aires, 1966)

Rondó caprichoso, A. 50 para quinteto de vento (Betanzos, 1988)

Nas marxes do pentagrama, á beira do Prata e o Mandeo é unha viaxe pola vida e obra do compositor Carlos López García-Picos, unha recuperación do patrimonio musical galego do século XX.

Unha vida vivida en cinco etapas, como o propio López García-Picos describe: o nacemento en Betanzos (1922), o exilio arxentino (1939), a etapa parisina entre 1957 e 1964, o regreso a Bos Aires e por ultimo, a volta a Betanzos (1984). Grazas ao pianista e divulgador da súa obra Javier Ares Espiño, o programa céntrase no repertorio para instrumentos de vento, composto entre 1953 e 1999.

ZOAR

É un conxunto de cámara estable e activo que traballa dende 2009. Medrou á procura dun estilo propio, definido pola orixinalidade dos seus proxectos, un firme compromiso coa nova creación, a colaboración con outros artistas e a realización de traballos pedagóxicos de calidade con vontade de chegar a súa actividade a todos os públicos. O interese polo repertorio descoñecido, a recuperación do patrimonio musical esquecido e o compromiso coa nova creación levou ao conxunto a explorar máis aló do repertorio tradicional da música para conxuntos de ventos e a incorporar obras de compositores esquecidos. Ademais teñen estreadas pezas de compositores como Juan Durán, José Luis Turina, Patrick van Deurzen así como encargos propios a Xabier Mariño, Óscar Álvarez, Federico Mosquera, Fernando Buide ou Óscar Navarro. Teñen actuado nos principais escenarios galegos participando en acontecementos culturais da importancia da entrega dos Premios da Cultura Galega, en sucesivas edicións das Xornadas de Música Contemporánea, no LVI Festival de la Ópera de A Coruña, no ciclo Enclave de Cámara de Ourense, no Ciclo do Museo de Belas Artes da Coruña, no Ciclo de Concertos Benéficos da Real Academia Galega de Belas Artes e nas tempadas das sociedades filharmónicas de Lugo e A Coruña. Fóra de Galicia fixeron recitais no País Vasco, Cataluña, Portugal e Soria. No 2016 foron finalistas aos III Premios 'Martín Códax' da Música e ese mesmo ano presentaron o seu primeiro CD, *No vento*, con música de Juan Durán, publicado por Ouvirmos. Agardan presentar o CD. e as partituras deste proxecto sobre García-Picos neste outono de 2017.

Carlos López García-Picos (1922-2009)

Naceu en Betanzos en 1922 e exiliouse en Arxentina trala Guerra Civil. Mostrou un compromiso constante coa colectividade galega que se reflicte en moitos aspectos das súas composicións, na súa actividade nas asociacións de compositores (foi membro fundador e presidente da Asociación Galega de Compositores, AGC, formou parte da Xunta Directiva da Confederación Española de Asociaciones de Compositores Sinfónicos, CEACS, e anteriormente participara na Asociación de Jóvenes Compositores de la Argentina, AJCA) e na súa faceta máis descoñecida como director de distintas agrupacións corais (dirixiu o coro Os Rumorosos do Centro Betanzos de Buenos Aires, o coro Alborada da Casa de Galicia de París, Coral Rosalía de Castro da Asociación Galega, a agrupación coral do Centro Gallego de Buenos Aires, e tamén dirixiu en xaneiro de 1950 un grupo de coros galegos que xuntos cantaron o *Himno Galego* cando Castelao foi soterrado no cemiterio da Chacarita). En Bos Aires asistiu a clases con Jacobo Ficher, e a estrea do ballet *La farsa de la búsqueda* valeulle a obtención dunha beca da Embaixada Cultural de Francia en Bos Aires que, xunto co apoio de destacadas personalidades do galeguismo como Luís Seoane e Eduardo Blanco Amor, permitiu que embarcase rumbo a París. Alí recibiu clases de composición de Darius Milhaud e Tony Aubin no Conservatorio Nacional de París e, simultaneamente, estudiou orquestración con Pierre Wissmer e dirección de orquestra con Léon Barzin na Schola Cantorum. En 1984 regresa a Galicia e desenvolve a súa etapa máis frutífera dende o punto de vista compositivo. Falece o 23 de decembro de 2009, deixando no seu catálogo, formado por 141 obras, un amplo número de obras sinfónicas, cuartetos, obras pianísticas, para violonchelo e para diversas formacións camerísticas.

Javier Ares Espiño



XORNADAS DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA 2017

MÚSICA [E OUTRAS ARTES]

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacapitalcultural.gal



CONSORCIO DE
SANTIAGO



MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE



Deputación
DA CORUÑA

Últimos concertos

NOVIEMBRE

TALLER ATLÁNTICO CONTEMPORÁNEO

Diego García Rodríguez, director

Ven 10—20.30 h— CGAC

ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA

Rogelio Groba, director

Sáb 11—20.30 h— Igrexa da Universidade

ORQUESTRA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Mario Diz, director

Dom 12—12.30 h— Igrexa da Universidade

LA PHÁRMACO

Ven 17—20.30 h

Auditorio de Galicia — Sala Mozart

NICASIO GRADAILLE, piano

Sáb 18—20.30 h — CGAC

MANUEL BLANCO, trompeta

KARINA AZIZOVA, piano

Ven 24—20.30 h — Paraninfo da Universidade

CUARTETO GRANADOS

ALICIA AMO, soprano

Sáb 25—20.30 h — Igrexa da Universidade